

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. José M^a Da Rocha Álvarez
 D. Xose Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. J. Angel Álvarez Moreira
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D. Leopoldo José Cadaya Vidal
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Víctor Cardador González
 D. José Cidrás Pidre
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Manuel Fernández Areal
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. Rubén Frieiro Barros
 D. Alberto Gago Rodríguez
 D. José Manuel García Vázquez
 D^a. Teresa Geadá Geadá
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
 D^a. M^a del Pilar López Vidal
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D^a Ascensión Muñoz del Barrio
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D. Adolfo Pérez Abellás
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Juan Pérez de Obanos Herrero
 D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D^a. Antía Rodríguez Nieves
 D^a M^a Elena Sánchez Trigo
 D. Eduardo Soto García
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do catorce de abril de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores **día 14 de abril de 1999**, ás 10 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (12.03.99).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, transformacións e cambios de área.
- 4º.- Aprobación, se procede, das normas de organización docente e de contratación de profesorado do curso 1999-2000.
- 5º.- Delegación na Comisión de Docencia da saída de prazas de profesorado contratado para o curso 1999-2000.
- 6º.- Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas e de libre elección para o curso 1999-2000.
- 7º.- Encargos de docencia das materias troncais e obrigatorias de cursos en implantación.
- 8º.- Aprobación, se procede, dos plans de estudo das novas titulacións de 2º ciclo de Enxeñaría Informática e L.A.D.E.(Campus de Ourense) e de Xestión e Administración Pública e Ciencias de Actividade Física e do Deporte (Campus de Pontevedra).
- 9º.- Aprobación, se procede, de creación e modificación de departamentos.
- 10º.- Creación, se procede da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.
- 11º.- Aprobación, se procede, da proposta de cambio de nome da Facultade de Humanidades (campus Vigo) polo de Facultade de Filoloxía e Traducción.
- 12º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de adquisición de material a utilizar na docencia práctica.
- 13º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de apoio cultural a actos científicos Xacobeo 99.
- 14º.- Proposta de premio extraordinario de doutoramento en Enxeñaría Industrial.
- 15º.- Proposta de dous vicedecanos na Facultade de Belas Artes.

- 16º.- Aprobación, se procede, do expediente de validación de gastos.
 17º.- Aprobación, se procede, de exención docente do Presidente do Tribunal de Garantías e do Director de Área de Calidade.
 18º.- Rogos e preguntas.

O **punto 1, apróbase por asentimento** recollendo as alegacións presentadas polos profesores Corbacho (punto 3) e Pose (punto 15) que xa aparecen reflectidas na redacción definitiva.

No **punto 2**, o Rector informa:

- Sobre a reunión do Consello de Universidades na que o ministro anunciou algúns dos seus compromisos: impulso dos programas de calidade, mellora nos procedementos de selección de alumnos na universidade e reformas parciais vía decreto de certos aspectos da L.R.U., deixando para outra lexislatura a reforma do título V.

-Sobre a sinatura de convenios coa Deputación e Concello de Pontevedra, Caixa Galicia e Xunta en relación coa sede dos cursos da Universidade Menéndez Pelayo.

-Sobre o compromiso de Caixa Vigo para financiar os proxectos da cidade universitaria.

-Sobre a creación da Área de Calidade e nomeamento do profesor Eduardo Godoy Malvar como director da mesma, anunciando que en próxima Xunta de Goberno se tratará da composición e funcións do Comité de Calidade na Universidade. Neste punto, felicita á Facultade de Económicas polo traballo feito no informe de autoavaliación do centro.

-Sobre o acordo coa Fundación Pro-Vigo, que vai destinar parte do seu presuposto para ter unha unidade de seguimento do V Programa Marco, da que estará encargado un profesor da universidade, en comisión de servicios e con categoría de catedrático de universidade.

No **punto 3, apróbase por asentimento** o seguinte:

Asuntos de profesorado:

* Prazas BOE:

TT12	800	TIT-UN	Vigo	Fernando Isasi de Vicente
C01	410	TIT-UN	Vigo	José Antonio Lamas Catro
C09	760	TIT-UN	Vigo	Soledad García Fontán
H01	270	TIT-UN	Pontevedra	Alberto Ruiz de Samaniego
H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Mº Luisa Fernández Olivera

* As seguintes Transformacións:

C03	420	Emilio Rolán Álvarez	de PP2 a TIT-UN(I)
T12	560	José Carlos López Ardao	de PP1 a TIT-UN(I)
H03	370	Xosé Bieito Arias Freixedo	de PP1 a PP2
C05	265	Mª Estela Sánchez Rodríguez	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	814	Alberto Álvarez Lugrís	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	814	José Yuste Frías	de PP2 a TIT-UN(I)
T07	520	Julio Garrido Campos	de PP1 a TIT-UN(I)
T09	570	José Baltasar García Pérez-Schofield	de AX-EU a PP1
T09	570	María Rodríguez Damián	de AX-EU a PP1

* Cambios de área:

Susana Domínguez Quintas, de Comunicación Audiovisual e Publicidade (105) a Periodismo (675).

Ana Garriga Domínguez, de Dereito do Traballo e Seguridade Social (140) a Filosofía do Dereito, Moral e Política (381). Este cambio de área apróbase na sesión de tarde unha vez que foi completada a documentación, por pedimento de varios membros da Xunta de Goberno.

* Permisos:

Ó profesor José Luis de Castro Parga, do 01.07.99 ó 01.10.99

Ó profesor Francisco Javier González Castaño, do 01.06.99 ó 31.08.99

Á profesora Carmen Garcia Mateo, do 01.05.99 ó 31.07.99

Ó profesor Ignacio Pérez Yuste, do 01.05.99 ó 31.07.99

Ó profesor Miguel Ángel Esparza Torres, do 01.07.99 ó 30.09.99

No **punto 4**, en primeiro lugar intervén o Vicerrector de Organización Académica para presentar as Normas de Organización Docente (documento 4.1) do curso 1999-2000 que foron aprobadas na Comisión de Organización Académica e Validacións e indica que no documento falta precisar os trámites de solicitude de ampliación de grupos.

A continuación, o Vicerrector de Investigación presenta a proposta da Comisión de Investigación sobre cómputo de docencia en terceiro ciclo e traballos docentes dos bolseiros (documento 4.2).

Por último, o Vicerrector de Profesorado expón a proposta de normas para o concurso de profesorado para o curso 1999-2000, aprobada en Comisión de Docencia (documento 4.3)

A continuación ábrese unha rolda de palabra para cada un dos documentos anteriores:

Documento 4.1 (Normas de Organización Docente)

O profesor R. Berrocal pregunta se nun mesmo curso materias distintas poden ter distinto número de grupos. O Vicerrector responde que non, que hai que establecer o termo medio e o profesor Berrocal opina que debería figurar por escrito. Ademais pide aclaracións sobre o criterio para conceder un grupo adicional de laboratorio.

O profesor Corbacho é partidario de dicir " alumnos con cero convocatorias consumidas" en lugar de "alumnos de primeira matrícula".

O profesor Pérez Amor considera excesivo o número de alumnos por grupo práctico de primeiro ciclo en relación co segundo ciclo e propón que o número sexa de 21 para os dous ciclos.

O profesor Reigosa considera que estas normas melloran ás de anos anteriores pois se aproximan máis ás cifras fixadas nos Estatutos e recoñecen a docencia práctica non experimental.

O profesor Outes pregunta se na Facultade de Económicas vai haber aumento do número de grupos e cál é o impacto económico desta medida se se aproban as normas propostas.

O profesor Araujo pregunta polas prácticas tuteladas en titulacións como Maxisterio e pide que se engada a estas normas o documento sobre proxectos fin de carreira aprobado na anterior Xunta de Goberno.

O señor Frieiro, en relación coa contabilización de alumnos repetidores nas clases prácticas, refírese o problema existente na Escola de Telecomunicacións polo excesivo número de repetidores en Electrónica.

Despois dunha resposta en conxunto feita polo Vicerrector de Organización Académica, ábrese unha segunda rolda de intervencións.

O profesor Corbacho pregunta cal é o criterio para a concesión de grupos de docencia práctica non experimental.

O profesor Outes pregunta polo número de alumnos por grupo no 2º ciclo da Facultade de Económicas.

O Sr. Gómez Soler pregunta se todos os alumnos matriculados (en teoría e práctica) teñen dereito para asistir á clase ó que o Rector responde que si. Pregunta tamén se iso pode quedar garantido polo equipo rectoral e respóndeselle afirmativamente.

O profesor Gago di que no caso de plans de estudio en implantación debe terse en conta o número de alumnos do curso anterior e do ano académico anterior e pregunta en qué caso poden implantarse grupos de prácticas nunha titulación. O Rector responde que poderán porse en marcha sempre que non se incremente o total de créditos da titulación.

Documento 4.2 (Documento de 3º ciclo)

O profesor Candelas opina que este documento debería estar elaborado pola Comisión de Docencia e non pola de Investigación. Propón que no punto relativo ás horas de docencia dos bolseiros (FPI, FPU, FIS) debería engadirse que non poderán encargarse dunha materia completa.

O profesor R. Berrocal propón que a tese de doutoramento siga computando na produción científica. O Vicerrector de Investigación di que se eliminaría a parte de dirección non de realización. O profesor R. Berrocal propón que no punto de exención por tese de doutoramento debe desaparecer a frase " de ser considerada, esta proposta, desaparecería este concepto da avaliación da produción científica".

O profesor Reigosa considera máis axeitado que na redacción definitiva sobre os cursos de doutoramento se intercambien os parágrafos " a efectos de persoal consolidable..." con "para a elaboración do POD 1999-2000..."

Documento 4.3 (Profesorado)

O profesor Candelas pregunta pola convocatoria de prazas I+D e propón unha mellor redacción do II. 1. B "da carga docente total compútase para os efectos de prazas de profesores consolidables a correspondente..."

O profesor Corbacho propón que no parágrafo de introducción destas normas o termo "programas I+D" se cambie por " programas específicos da Universidade". Considera que coas figuras que xa hai na universidade, non é necesaria a figura de asociado sen o requisito temporal de actividade profesional. Tamén é partidario de elevar a porcentaxe de folgura do 2% e pregunta polas medidas en relación cos PPI que finalizan o contrato en setembro.

O profesor R. Berrocal considera inviable este documento porque lexitima o concepto de carga docente non consolidable (neste sentido propón a eliminación do II.1.b) e polos importantes problemas cara o futuro que pode ocasionar a figura de asociado sen os requisitos.

O profesor Barreiro considera necesario reformar o regulamento nos criterios de selección de profesores asociados.

O profesor Membiela suxire que no III.2 se cambie Escolas Universitarias por Diplomaturas, e docencia exclusiva por docencia maioritaria. Así mesmo, di que nese punto debe dicir " nas áreas de coñecemento con máis dun profesor..."

O profesor Reigosa considera que coa aprobación deste documento xunto cos dous anteriores, a docencia vai estar mellor atendida. Sobre a eliminación do requisito para os profesores asociados, di que hai universidades que xa o están a facer e, á espera da reforma do título V da L.R.U., opina que é bo que sexan os departamentos os que xulguen a conveniencia de sacar a concurso estas prazas. Considera moi positivo a consideración da folgura de 2% e o cómputo da docencia de terceiro ciclo.

O profesor Pose pide que se estudie se é legal o procedemento sobre a figura do asociado "sen requisitos".

O profesor Durany di que para a universidade é mellor ter 15 asociados dese tipo que 200 invitados.

Levántase a sesión durante 15 minutos e a continuación o Rector di que escoitadas as intervencións, o equipo de goberno acepta as popostas seguintes:

Documento 4.1: a do profesor Gago (sobre o cómputo de alumnos de plans en implantación).

Documento 4.2: as dos profesores Reigosa (intercambio de parágrafos), R. Berrocal (sobre a dirección de tese de doutoramento na produción científica) e Candelas (sobre docencia dos bolseiros).

Documento 4.3: as dos profesores Corbacho (sobre programas específicos en lugar de I+D), Membiela (sobre a redacción do punto III.2) e Candelas (sobre a mellor redacción do II.1.b).

Así mesmo, indica que no documento 4.3 (Profesorado) debe cambiarse "e" por "ou" na segunda liña do IV.1, e que na redacción definitiva do IV.2 debe dicirse que se houberse candidatos con experiencia profesional relacionada coa praza. o resto dos candidatos quedarán excluídos e se lles devolverán as taxas. Tamén propón a seguinte redacción para o III.2 na súa parte final: " Nas áreas de coñecemento con máis dun profesor onde a docencia realizada no curso 98/99 por profesores consolidados ou consolidables fora inferior ó 50% da total, a cobertura de prazas consolidables será con prazas de C.U. ou T. U. agás nas áreas con docencia en diplomaturas onde poderán convocarse tamén prazas de C.E.U. Esta norma non será aplicable nas áreas que segundo a normativa vixente teñen docencia exclusiva nas diplomaturas".

O profesor Barreiro manifesta o seu desacordo con esta redacción do punto III.2 e prodúcese unha votación:

A favor da redacción proposta.....	20 votos
En contra da redacción proposta.....	10 votos
Abstencións.....	8

Aprobase a redacción proposta. (O profesor Barreiro anuncia a presentación dun voto particular).

No documento 4.1, o profesor Corbacho mantén a súa proposta relativa ó cómputo da docencia teórica (alumnos con cero convocatorias consumidas máis un 20% dos restantes). Realízase unha votación con respecto a este punto:

A favor da proposta do Rector.....	19 votos
------------------------------------	----------

A favor da proposta do profesor Corbacho.....5 votos
 Abstencións.....12

Apróbase a redacción proposta polo Sr. Rector.

A continuación vótanse os tres documentos coas modificacións incorporadas no debate.

Documento 4.1:

A favor.....27 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións....8

Apróbanse as normas de organización docente para o curso 1999-2000.

Documento 4.2:

A favor.....32 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións.....5

Apróbase a proposta sobre cómputo de docencia en terceiro ciclo e labores docentes dos bolseiros.

Documento 4.3:

A favor.....24 votos
 En contra.....5 votos
 Abstencións.....7

Apróbanse as normas para o concurso de profesorado do curso 1999-2000.

Estes documentos engádense á acta como ANEXO I.

Os profesores R. Berrocal, López Vidal e Barreiro Alonso e os señores Álvarez Moreira e Gómer Soler piden que conste na acta o seguinte:

F. Javier Rodríguez Berrocal:

Deseo hacer constar que mi voto en contra a la Normativa para el Concurso de Profesorado (Curso 1999-2000), correspondiente al punto 4 del orden del día, se fundamenta en que no estoy de acuerdo con el criterio de "carga docente non consolidable".

M^a del Pilar López Vidal e Enrique Barreiro Alonso:

Voto particular al punto III.2 de las Normas para el concurso de profesorado (1999-

2000) porque se está vinculando exclusivamente la figura del CEU a las diplomaturas.

También se excluye el TEU porque no se requiere el grado de doctor, lo que se considera una discriminación.

J. Ángel Álvarez Moreira:

Ruego conste en acta mi intervención en el punto 4 de la orden del día dentro de la discusión de las Normas de Organización Docente.

1) Todos los alumnos matriculados tienen derecho a asistir a todas las clases de la asignatura en la que está matriculado.

Los profesores tienen obligación de asistir a clase.

2) Los alumnos repetidores, en la actualidad, ya están penalizados ya que el precio de matrícula es superior.

3) Las normas que se están discutiendo sólo son para la contratación de profesorado. Es decir solamente busca el número máximo de grupos que tiene el profesor recogido en POD, el alumnado que exceda debe ser asumido por el departamento, a coste cero.

Alejandro V. Gómer Soler, como representante de estudiantes na Xunta de Goberno da Universidade de Vigo:

Propón, reflectindo nesta proposta algunhas das opinións vertidas polos representantes de estudantes na Xunta de Goberno:

1º) Que no momento da matriculación, o estudante repetidor poida escoller entre asistir ou non a clase da materia na que se matricula.

2º) Se o estudante repetidor opta pola opción de "Non asistir" só se lle cobrará como taxa de matrícula o 25% do custo da matrícula da materia correspondente.

3º) Os estudantes que na mesma materia teñen teoría e práctica, claramente diferenciadas, e aproben algunha das partes, na matrícula do seguinte curso só teñan que aboar a parte das taxas correspondente á parte non superada.

Argumento esta proposta crendo que desta maneira, e alomenos para efectos estatísticos, a meirande parte dos repetidores optarían pola opción de "non asistir", o que ó meu entender facilitaría nun futuro inmediato a organización docente dos centros da nosa universidade.

O punto 5, relativo á delegación na Comisión de Docencia da saída de prazas de profesorado contratado para o curso 1999-2000, **apróbese por asentimento.**

No punto 6, o Vicerrector de Organización Académica presenta a relación de materias optativas aprobada pola Coav, baseándose na actual normativa e aclara algúns erros ou omisións existentes na documentación.

Despois das intervencións de varios membros de Xunta de Goberno en relación con materias concretas **apróbese por asentimento** delegar na Coav para que aplique a referida normativa e suprima as materias que non se axustan a ela. Facúltase tamén á Coav para que, con audiencia das partes implicadas, decida sobre as posibles excepcións que afecten a materias concretas, mantendo os actuais itinerarios ou especialidades.

A oferta actual de materias de libre elección é presentada tamén polo Vicerrector de Organización Académica. Di que os datos indican que unha boa parte dos alumnos (40%) non cubren a libre elección con este tipo de materias (libre elección de tipo xeral) senón que recorren á vía das optativas. Obsérvase, pois, que a oferta de libre elección cubre con creces a demanda dos estudantes. A Coav considera excesiva a actual oferta e propón unha reforma a fondo. Mentres, hai varias posibilidades: aceptar esta proposta para o vindeiro curso e estudar unha reforma para os seguintes, estudar materia por materia para tomar a decisión na seguinte Xunta de Goberno ou suprimir as que non cumpran os mínimos na normativa vixente.

Despois de escoitar as intervencións de varios membros da Xunta de Goberno o Sr. Rector fai a seguinte proposta:

- a) Que a Coav elabore unha normativa antes do remate do presente curso, para o curso 2000-2001.
- b) Que se supriman as materias que non cumpran o mínimos.
- c) Que só se poidan engadir novas materias se non supoñen contratación de novo profesorado.

Apróbase por asentimento.

O Sr. Álvarez Moreira desexa que consta na acta o seguinte:

Quisiera indicar que la denominación de optativa viene determinada por el alumno, es decir el alumno es aquel que OPTA entre las asignaturas que quiere cursar, nunca la optatividad viene determinada por las necesidades de un departamento o área concreta. Por tanto la eliminación de una materia optativa por falta de alumnado es correcta ya que así lo determina la normativa. Esta eliminación tiene que venir siempre acompañada por una sustitución para que el alumno pueda seguir teniendo la posibilidad de optar entre materias. Para ello, en la mayoría de los casos, lo único que se debe hacer es sustituir la materia con baja matrícula por otra del listado existente en el Plan de Estudios, sin preocupar que esta nueva asignatura sea de otro departamento.

En cuanto a las asignaturas de Libre Elección lo expuesto para las asignaturas optativas es aún más válido. Según legislación de hace más de 10 años los créditos de libre elección eran para que un alumno pudiera flexibilizar su curriculum y adquiriera conocimientos de otras titulaciones. Creo que sobre esta base la COAV ha realizado su propuesta.

Esta propuesta indica primero, tal como debe ser, que las asignaturas de libre elección deben poder ser escogidas por cualquier alumno de la Universidad, salvo, excepcionalmente por los alumnos de la titulación que 'englobaría' la asignatura (es decir un alumno de informática de gestión es normal que no pueda cursar la asignatura de informática de libre elección, o un alumno de filología inglesa no pueda cursar inglés). De igual forma es normal que aquellas asignaturas que el alumnado en su conjunto decide no escoger, y siempre que estas incumplan los mínimos de matrícula según normativa, desaparezcan de la oferta que realiza la Universidad. Esta desaparición debe conllevar siempre una ampliación del catálogo de materias de libre elección, ésta se ha realizado con aquellas materias que se han solicitado previamente, es decir si una asignatura desaparece, al departamento implicado no debe

avisársele para que cambie su oferta. La ampliación debe realizarse para que el alumnado no se vea perjudicado con una oferta menor de estas asignaturas, además hay que tener en cuenta que a pesar de que listado es corto y deberá ampliarse en el futuro, los alumnos, en general, pueden escoger las asignaturas optativas de otro itinerario, especialización,... de su titulación como asignaturas de libre elección.

O punto 7, relativo ós encargos de docencia das materias troncais e obrigatorias de cursos en implantación, **apróbbase por asentimento.**

No punto 8, en primeiro lugar intervén o Vicerrector de Organización Académica que explica o procedemento seguido nas Xuntas de Titulación e na Coav para elaborar os plans de estudio destas catro titulacións. A continuación interveñen os profesores Durany, Castrillo, Fernández Areal, Figueroa Dorrego Fraiz Brea, en calidade de Presidentes das respectivas Xuntas de Titulación.

O profesor Fraiz Brea desexa que conste en acta que o representante de Fundamentos da Análise Económica foi convocado cinco veces e asistiu unha vez.

O profesor García Vaquez fai aclaracións sobre a elaboración do plan de estudos de Enxeñería Informática.

O Sr. Álvarez Moreira traslada a Xunta de Goberno o seguinte:

Dá lectura o escrito enviado polo profesor Outes Ruso con Rº S. Dep-X08 nº 59 (entrégase).

Pregunta se son necesarias modificacións nos plans de estudio para cumprir coa normativa que indica que as meterias deben ter créditos que sexan múltiples de 1,5 (tanto no total como nos créditos teóricos e prácticos) e se se tiveron en conta os prazos que se recollen na normativa.

Tamén pregunta se é aplicable o artigo 27.b dos Estatutos da Uniersidade de Vigo para o caso destas titulacións.

O profesor R. Berrocal le un escrito sobre o cumprimento das normas para elaborar un plan de estudos.

O Vicerrector de Organización Académica aclara a diferenza entre o artigo 26 dos Estatutos, sobre creación de centros e a normativa de plans de estudio.

A continuación procédese a votar cada un dos plans de estudio que aparecen na documentación incorporando as alegacións finais das Xuntas de Titulación:

Enxeñería Informática

A favor.....22 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións.....9

ApróbaseL.A.D.E.

A favor.....20 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións.....8

ApróbaseDiplomado en Xestión e Administración Pública

A favor.....21 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións.....9

ApróbaseCiencias de Actividade Física e do Deporte

A favor.....21 votos
 En contra.....0 votos
 Abstencións.....10

Apróbase

Os profesores Candelas e Corbacho desexan que conste en acta que a súa abstención é debida a non ter tempo dabondo para estudar os docuemntos.

O punto 9, retírase a proposta da Coav debido a que despois de estudar os plans de estudio , as propostas sobre optativas e libre elección e outros temas non tivo o tempo necesario para elaborar unha proposta.

No punto 10, o profesor Pose indica que o seu departamento tamén apoia a proposta de creación da ETS de Enxeñería de Minas.

O profesor Corbacho pide que na acta quede reflectido o informe favorable de todos os departamentos que así o formularon.

Despois das intervencións de varios membros de Xunta de Goberno sobre a interpretación no cumprimento dos prazos establecidos no artigo 26 dos Estatutos, **acórdase por asentimento** iniciar o expediente de creación da ETS de Enxeñería de Minas.

O punto 11, referente ó cambio de nome da Facultade de Humanidades (Vigo) polo de Facultade de Filoloxía e Traducción, **apróbase por asentimento**.

No punto 12, o Vicerrector de Docencia e Alumnado expón as ideas máis significativas desta convocatoria.

O profesor R. Berrocal propón no punto 4.1 cambiar 20 postos de traballo por 24.

Despois de aclaracións puntuais solicitadas polos profesores Membiela, Reigosa, Fernández Bernárdez, Durany, Barreiro, Pose, Pérez Amor e López Vidal, **apróbase por asentimento** incorporando a proposta do profesor R. Berrocal (ANEXO II).

No punto 13, por ausencia do Vicerrector de Extensión Universitaria, presénta o Vicerrector de Investigación o documento que foi aprobado na Comisión de Extensión Universitaria baseándose no Convenio coa Consellería de Cultura no marco do Xacobeo 99.

O profesor R. Berrocal considera que no punto relativo ós congresos científicos é insuficiente a cantidade asignada no caso de congresos internacionais.

Propónse modificar ese apartado facendo a distinción entre congresos nacionais (750.000 pts) e congresos internacionais (1.500.000).

Apróbase por asentimento a convocatoria con esa modificación.

No punto 14, apróbase por asentimento a concesión do premio extraordinario de doutoramento en Enxeñería Industrial a D. Ángel Manuel Fernández Doval.

O punto 15, acórdase **deixalo para a seguinte** Xunta de Goberno e estudar unha posible reforma desta normativa.

O punto 16, sobre expediente de validación de gastos, **apróbase por asentimento**.

No punto 17, apróbase a exención de 2 horas de docencia para o Director de Área de Calidade.

A exención docente do Presidente do Tribunal de Garantías formará parte do regulamento que será sometido á aprobación do Claustro.

No punto 18, de rogos e preguntas, fixéronse os seguintes:

O profesor Pose: roga que se complete o envío dos criterios de reparto do orzamento de 1999, ós centro e departamentos. Pregunta pola situación administrativa e económica dos membros da unidade técnica e se hai delegacións de funcións nela para tomar decisións ou negociar en nome da propiedade (o Xerente responde que non, que só poden pedir informacións). Tamén pregunta pola situación das pistas polideportivas (o Xerente responde que os técnicos decidiron cambiar o proxecto).

O profesor R. Berrocal pregunta polo e-mail da Directora da Biblioteca sobre requisitos de uso, fala dun excesivo regulamentarismo nese tema e roga ó Vicerrector de Investigación que se elimine o requisito de dispor do carné de profesor. Pregunta pola recente convocatoria do Servizo de Publicacións e por cuántas persoas traballan na oficina de Orientación ó Emprego que está a funcionar no CACTI (respóndeselle que traballan 5 persoas baseándose nun programa de colaboración coa Consellería de Familia).

O Profesor Pérez Amor roga ó Rector que teña menos precipitación nos temas importantes e á Secretaria Xeral que remita a documentación das Xuntas de Goberno nun único envío.

O profesor Corbacho pregunta pola convocatoria de visitantes en concepto de estímulo e pola información na rede do estado das áreas. Pregunta polos prazos aproximados nos que os Departamentos farán o pedimento de prazos e roga que se informe ós PP1 (e ós departamentos correspondentes) sobre os prazos de finalizacións dos seus contratos.

O Sr. Álvarez Moreira translada os seguintes rogos e preguntas do Sr. Pérez Abellas:

¿Cómo a Comisión Electoral toma un acordo en data 9/4/99, de repetir o proceso electoral de "eleccións de alumnos e PAS" en Maxisterio de Ourense, en contra do informe do Asesor Xurídico de data 6/4/99, no que indica que non houbo erro na convocatoria, tal como alegaban algúns alumnos, segundo a acta da Xunta Electoral de data 9/3/99?

¿Cómo existen dúas varas de medir na Comisión Electoral, xa que no caso de Maxisterio en Ourense, di que se repitan as eleccións, e no caso da elección de alumnos no departamento de Química Analítica, ante unha impugnación interposta por D. José Luis Capelo Martínez di que se continúen as eleccións no punto no que foron paralizadas, tal como figura no acordo tomado pola devandita comisión de data 9/4/99?.

Rogo: que o Sr. Rector dicte as normas oportunas para que se rosolva o máis rápido posible o problema de Maxisterio de Ourense, e non dilatar máis o proceso, continuando o mesmo no punto onde foi interrompido.

O Sr. Álvarez Moreira entrega por escrito os seguintes rogos e preguntas:

"Vuelvo a rogar, una vez más, que las respuestas del Sr. Rector consten en el acta de manera somera, tanto las de la sesión de hoy como las de todas las anteriores.

Ruego que basándose en la legislación vigente sobre títulos universitarios, y más concretamente en el artículo 97.h de los estatutos que el Sr. Rector, en el caso que aún no lo haya realizado, expida el título de Licenciado en Química para el Sr. C. André con fecha del curso 97-98.

Preguntas: ¿Qué solución se les va a dar a los alumnos que no estén evaluados a fecha de hoy de las convocatorias de diciembre y febrero?. Concretamente me refiero a los casos de Humanidades Vigo (falta de realización de estos) y el de la F. CC. EE. EE. (Pérdida de exámenes)

¿Qué ocurre cuando un examen no se efectúa en la convocatoria prevista (casos que no son habituales, pero si han ocurrido) por entre otros los dos motivos siguientes: no estar previsto en el calendario oficial de exámenes o no haberse realizado por que el profesor no se presentó?

¿Para cuando estará abierta a toda la Comunidad Universitaria la Biblioteca Central?

¿Están terminados los informes que deben hacer los departamentos, algunos de los

cuales ya solicité, cuando el porcentaje de aprobados con respecto al matriculado es inferior al 20%? (art. 34.3.d Reglamento de Profesorado)"

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 22 horas do día 14 de abril de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amodedo

Margarita Estévez Toranzo